

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de marzo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaseis de marzo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(179).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 2 de marzo e ordinaria e extraordinaria e urxente do 9 de marzo de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(180).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE (ENS) E DO ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE (ENI) Ó CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8109/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/03/17, asinado polo o xefe do Servizo de Admón. Electrónica, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4/11/2016 acordou o impulso e elaboración dun Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de adaptación ao novo marco legal co oportuno desenvolvemento tecnolóxico, baixo a dirección da Concellería delegada de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica; e, constituíndo para o efecto unha Comisión Técnica de composición interdisciplinar (CTPTI).
2. Por resolución de data 18/11/2016 foi constituído o Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Seguridade (GT ENS) e Esquema Nacional de Interoperabilidade, no marco do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal de Vigo. Dito grupo, integrado polo Técnico de Sistemas do Servizo de Administración Electrónica e pola Xefatura da Área de RRHH e Formación, ten por funcións a definición e proposta das concretas actuacións para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo no concreto ámbito material indicado, contando coa asistencia da Comisión Técnica do Plan.

Rematados a primeira fase dos traballos do Grupo de Traballo, foron conformados pola Comisión Técnica do Plan, elevándose a proposta de aprobación á Xunta de Goberno local.

3. E, de conformidade co proposto, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30/12/2016 adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o documento de “Política de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Esta Política de Seguridade da Información é efectiva desde a data de aprobación da mesma en Xunta de Goberno Local e ata que sexa substituída por unha nova Política.

Segundo.- Publicar o documento de “Política de Seguridade da Información” na Sede Electrónica do Concello de Vigo así como nos sistemas internos de información como Intranet e Portal do Empregado para garantir a súa máxima difusión entre o persoal municipal.

Terceiro.- Tomar coñecemento da documentación esixida dentro do marco do organizativo do ENS formado por:

Informe de Análise de Riscos.

Plan de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade.

Plan de mellora da seguridade.

Cuarto.- Tomar coñecemento do Documento de Seguridade, de acordo co artigo 88 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de 1999, de protección de datos de carácter persoal.”

4. En execución das previsións da Política de Seguridade aprobada, o GT ENS realizou os traballos correspondentes á segunda fase elaborando un borrador de normativa técnica, que logo de ser conformados na CTPTI o 24/2/2016, foron facilitados ao Comité de Seguridade. Con base aos ditos traballos o Comité de Seguridade elaborou a normativa técnica na súa reunión do 6/3/2016 e que se somete á aprobación da Xunta de Goberno local neste informe-proposta.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. A aplicación das previsións dos Esquemas Nacionais de Seguridade (ENS) e de Interoperabilidade (ENI) vén preceptuada polo artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo por finalidade o establecemento da política de seguridade na utilización dos medios electrónicos, así como da creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións utilizados polas Administracións Públicas, abarcando esta obriga ás seguintes entidades e persoas:

Administración Xeral do Estado, Administracións autonómicas e entidades integrantes da Administración Local, así como ás entidades de dereito público vinculadas e dependentes.

Aos cidadáns, nas súas relacións coas Administracións Públicas.

Ás relacións entre Administracións Públicas.

Polo tanto resulta necesario averse ao disposto RD 3/2010, do 8 de de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, así como ao Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade.

A finalidade esencial do ENS é establecer un marco normativo de seguridade que regule o entorno tecnolóxico da Administración, e tamén constitúe obxectivo fundamental da nova normativa o cumprimento das obrigas de difusión contidas nas medidas de interoperabilidade organizativa e semántica do ENI, sendo necesaria a adaptación dos sistemas do Concello de Vigo aos esquemas de interoperabilidade técnica -asumindo os estándares e efectuando a adaptación constante á normativa técnica de interoperabilidade-.

II. Nunha primeira fase, xa foi adoptado o Acordo da Xunta de Goberno local do 30/12/2016, que na súa parte resolutiva, entre outros extremos, aprobou o Documento de Políticas de Seguridade da Información. Política de Seguridade que, de conformidade co ENS, establecía a necesidade de aprobación dunha normativa técnica que adecuase o funcionamento da institución ás esixencias do ENS.

Así, no apartado “Estrutura” do documento de Política de Seguridade da Información, sinala que “a Normativa técnica de Seguridade da Información desenvolve a Política de Seguridade da Información mediante documentos de normativa técnica específica que abarcan unha área ou aspecto determinado da seguridade da información. Cubriranse, canto menos, os seguintes aspectos: política de uso aceptable, seguridade física e da contorna, xestión de comunicacións e operacións, control de accesos, informática móbil e teletraballo, xestión de incidencias, continuidade do servizo, obrigacións do servizo, terceiras partes. A aprobación de estes documentos corresponderalle a Xunta de Goberno Local”.

E no apartado “Comité: Funcións e responsabilidades” atribúe ao Comité de Seguridade a tarefa de: “Elaborar (e revisar regularmente) a Normativa de Seguridade da Información para que sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local. “

Compre, polo tanto, actualizar a norma técnica contida no documento de “Políticas de certificación, certificado de empregado público” aprobada en XGL con data 28/2/2014 de acordo coa Lei 59/2003 para adaptala o desenvolvemento normativo e a normativa administrativa correspondente á “Resolución de 27 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, po la que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de Firma y Selo Electrónico e de Certificados da Administración.”

III. De conformidade cos seus Reais Decretos reguladores, a adaptación ao ENS e ao ENI implica, necesaria e indisolublemente, a abordaxe dos procedementos internos para o establecemento dos criterios de aplicación da normativa vixente en materia de seguridade da información e polo tanto, tamén da protección de datos de carácter persoal –regulando o alcance e condicións do deber de confidencialidade esixible a administrados, empresas e persoal municipal-, así como para a concreción do réxime de obrigas e responsabilidades en relación co tratamento da información á cal poidan ter acceso por motivos derivados do desempeño profesional de funcións públicas ou polo cumprimento das obrigas dimanantes de contratos administrativos concluídos ao abeiro do establecido na lexislación aplicable en materia de contratos do sector público.

Por tal motivo, unha das cuestións especialmente traballadas no Grupo de Traballo e na Comisión Técnica do Plan foi o acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo; documento que, unha vez aprobada a adaptación ao ENS, será de obrigada asunción e sinatura pola totalidade de empregados/as públicos municipais de novo ingreso, así como polas persoas físicas e xurídicas que podan ter acceso a información e documentos de carácter confidencial -tanto en soporte papel como en soporte electrónico ou dixital- e ás redes do Concello de Vigo.

No suposto do persoal municipal, resulta especialmente necesario salientar a existencia dun Código de Conduta e dun catálogo de deberes e obrigas das empregadas e empregados públicos, legalmente recollido no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2001, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP- (artigos 52 a 54, ambos inclusive) entre os cales se atopa o deber de confidencialidade, xenericamente contemplado no artigo 52 e definido legalmente como a “obriga de gardar segredo das materias clasificadas ou de outras cuxa difusión estea prohibida legalmente, así como de manter a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida por beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público” (artigo 53.12).

A mesma norma contempla como falta disciplinaria moi grave a publicación ou utilización indebida da documentación ou información á cal teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función, así como a negligencia na custodia de segredos oficiais, declarados así por Lei ou clasificados como tales, que sea causa da súa publicación ou coñecemento indebido -artigo 93.2, apartados e) e f)-.

As faltas disciplinarias moi graves están sancionadas coa separación do servizo dos funcionarios públicos, coa revogación do nomeamento no caso dos funcionarios interinos; despido disciplinario no caso do persoal laboral -que comportará a inhabilitación para ser

titular dun novo contrato de traballo con funcións similares ás que se viñan desempeñando, ou ben a suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo no caso do persoal laboral, cunha duración máxima de 6 anos (artigo 96).

En xusta coherencia co anterior, enténdese necesario que o acto administrativo de aprobación da adaptación dos sistemas do Concello de Vigo ao ENS sexa dotado da debida difusión interna ao persoal municipal, a través da Intranet e do portal do empregado, para coñecemento e interiorización por parte dos efectivos públicos -e das consecuencias inherentes a calquera incumprimento-, sen menoscabo de poder ser difundido por outros medios internos de ser preciso.

Lémbrese igualmente que a trazabilidade legalmente contemplada implicará necesariamente que a Administración, en cumprimento das súas obrigas legais, poderá e deberá efectuar o seguimento da actividade na rede do Concello de Vigo dos empregados/as municipais, non podendo ser utilizada para fins persoais ou distintos ás propios e inherentes ao desempeño das funcións do seu concreto posto de traballo, sen prexuízo do cal, e en cumprimento do principio de equidade, existirá unha mínima marxe de tolerancia, coincidente co tempo de descanso establecido na xornada laboral diaria (½ hora).

En todo caso, as persoas usuarias deberán estar nominal e debidamente identificados, non podendo existir identificadores xenéricos ou non especificados.

Igual trazabilidade seguirase polo Concello de Vigo no caso de verificarse accesos a expedientes ou documentos electrónicos distintos a aqueles concretos que lles teñan sido encomendados polas persoas que ocupen unha superior posición xerárquica, aínda que sexan da súa área, servizo ou unidade.

A Xurisprudencia ven recoñecendo a potestade de control empresarial sobre o uso por parte dos traballadores dos medios informáticos da empresa (STS 26/9/07), xunto coa potestade de vixilancia e control da empresa (a STSJ Murcia de 18/11/2011) entendéndoa aplicable para o ámbito do sector público.

En STC de 710/2013 contemplase a ausencia de expectativa de confidencialidade razoable, de xeito tal que ningún empregado/a público/a municipal podería alegar tal confidencialidade, ao constituír infracción a utilización dos medios informáticos propiedade da empresa para fins distintos dos relacionados cos contidos da relación laboral.

IV. De conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 3/2010, do 8 de outubro, polo que se regula o ENS no ámbito da administración electrónica (artigo que non foi modificado polo RD 951/2015, do 23 de outubro), “o significado e alcance do uso seguro do sistema se concretará e se plasmará nunhas normas de seguridade”.

A natureza xurídica das presentes normas de seguridade é exclusivamente técnica, sen que en ningún caso poidan ser consideradas como normas xurídicas. De feito, a Recomendación sobre o ENS e FAQ, facilitadas polo *Centro Criptolóxico Nacional* (CCN: novembro 2012¹), sinala no seu apartado 2.9, como órgano superior competente para a aprobación (art. 11 e Disposición Transitoria ENS) para as Entidades locais, Presidentes de Deputacións, Alcaldes ou, de ser o caso, Tenentes de Alcalde, e non ao Pleno que sería o competente no caso de que se tratase dunha disposición xeral.

1 https://administracionelectronica.gob.es/pae/Home/dms/pae/Home/documentos/Estrategias/pae_Seguridad_Inicio/Esquema_Nacional_de_Seguridad_-_Preguntas_frecuentes.pdf

A normativa técnica do ENS ten a consideración de instrucións técnicas que son elaboradas e acordadas no Comité de Seguridade, previamente á súa aprobación polo órgano superior ao que se refire o art. 11.1 do RD 951/2015, do 23 de outubro, de modificación do RD 3/2010, do 8 de de xaneiro, polo que se regula o ENS no ámbito da administración electrónica : “Todos os órganos superiores as Administracións públicas deberán dispoñer formalmente da súa política de seguridade que articule a xestión continuada da seguridade, que será aprobada polo titular do órgano superior correspondente”, o que nos leva a entender que se trata dunha manifestación do exercicio dunha potestade xerárquica e non da normativa.

Aínda que non se trata de materia obxecto de negociación colectiva ex artigo 37 do mesmo TREBEP xa citado, enténdese que, en cumprimento do deber de lealdade institucional e de boa fe que debe presidir as relacións coa representación sindical dos empregadas e empregados públicos, debe notificarse o documento que se someta a aprobación polo órgano municipal competente á Presidencia do Comité de Persoal (órgano de representación das seccións sindicais representativas no Concello de Vigo- así como a aqueles sindicatos non representados no Comité de Persoal pero sí representativos a efectos territoriais, nos termos do establecido na Lei Orgánica sobre Liberdade Sindical, con carácter previo á súa aprobación.

Tendo sido trasladado na data de hoxe, 09/03/2017, o presente documento e os seus anexos de normativa técnica á Presidencia do Comité de persoal e á sección sindical de CSI-CSIF (única carente de sección sindical no Concello e, por tanto, non representada no Comité de Persoal) mediante correo electrónico do cal se incorpora copia ao expediente electrónico, pode darse por cumprimentado o trámite de información á representación sindical do persoal municipal.

No ámbito da administración local, como vimos de explicar, a competencia viría atribuída ó titular da Alcaldía, en virtude da cláusula residual do art. 124.4.ñ) LRBRL (amais do recomendado na guía antedita do CCN). No entanto, esta competencia foi delegada na Xunta de Goberno local por Resolución da Alcaldía de 8/11/2016.

Respecto da súa difusión, trátase dunha normativa técnica de seguridade que, pola súa propia natureza e finalidade non pode ser obxecto de difusión pública externa pero que necesariamente ten que se difundir internamente para garantir o seu coñecemento polas persoas usuarias do sistema que deben gardar respecto delas discreción por razóns de seguridade, como recollen as propias normas técnicas. Para poder dar difusión interna do contido da normativa, utilizaranse como canles de comunicación o portal do empregado e a intranet municipal, sen menoscabo do uso de outros medios de difusión interna de ser preciso.

V. Á vista do exposto, o Comité de Seguridade da información a instancia da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal e consonte aos traballos realizados polo Grupo de Traballo do ENS, en coherencia con este marco legislativo, propón á Xunta de Goberno Local (órgano competente en virtude de Resolución de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 08/11/2016) a aprobación da Normativa técnica.

PROPOSTA DE ACORDO

ACORDO:

1. "Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, a seguinte normativa técnica acordada polo Comité de Seguridade en data 07/03/2016:
 - *NO-01 Normativa de seguridade da información*
Este documento contén os principios básicos xerais polos que se debe rexir o uso dos sistemas de información do Concello de Vigo.
 - *NO-02 Normativa de utilización dos recursos e sistemas de información*
Este documento contén a Normativa Xeral de Utilización dos Recursos e Sistemas de Información do Concello de Vigo, xestionados ou baixo a responsabilidade do Concello de Vigo, sinalando así mesmo os compromisos que adquiren os seus usuarios respecto da súa seguridade e bo uso
 - *NO-03 Normas de acceso a Internet*
O obxectivo desta norma é regular o acceso a Internet por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.
 - *NO-04 Normas de uso do correo electrónico*
O obxectivo desta norma é regular o acceso e utilización do correo electrónico (e-mail) por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo, desde as distintas sedes do Concello de Vigo ou a través delas, posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.
 - *NO-05 Normas para traballar fóra das instalacións*
O obxectivo desta norma é regular o traballo do persoal do Concello de Vigo cando desenvolva a súa actividade profesional fóra dos edificios, dependencias ou instalacións do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.
 - *NO-06 Normas de creación e uso de contrasinais*
O obxectivo desta norma é regular a creación e uso de contrasinais robustas, cando este sexa o mecanismo de autenticación usado para o acceso a determinados sistemas ou servizos do Concello de Vigo.
 - *NO-07 Acordo de confidencialidade e de protección de datos de carácter persoal para terceiros*
O obxectivo desta norma é proporcionar un modelo de acordo de Confidencialidade e de Protección de datos de carácter persoal para Terceiros do Concello de Vigo.
 - *NO-08 Modelo de contido de boas prácticas para terceiros*
O obxectivo desta norma é presentar un modelo de contido de boas prácticas para terceiros, que presten servizos no Concello de Vigo.

2. Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade , a seguinte normativa técnica:

NO-09 Políticas de certificación de certificado de empregado público

O obxectivo desta norma é regular a emisión, xestión e utilización de Certificados Electrónicos de Emprego Público para traballadores e traballadoras do Concello de Vigo co propósito de identificación, sinatura electrónica e cifrado.

3. Aprobar a difusión interna da normativa técnica do ENS mediante o Portal do Emprego e a Intranet municipal, sen menoscabo do uso de outros medios internos de difusión se fose preciso para o seu xeral coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

3(181).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON AFAGA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN “PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSOAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA”- ANO 2017. EXPTE. 135103/301.

Visto o informe xurídico do 6/03/17 e o informe de fiscalización do 10/03/17, dáse conta do informe técnico da diplomada en Traballo Social do 24/02/17, conformado pola xefa do Servizo de Benestar Social, que di o seguinte:

I. Marco normativo:

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Con todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da

Lei 27/2013, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

II. Xustificación do Convenio con AFAGA 2017:

A Concellería de Política Social está a recibir unha grande demanda para a atención psicolóxica e social dos enfermos de Alzheimer e outras demencias e os seus familiares. Para poder responder á demanda prantexada, propónse a sinatura, un ano máis, dun convenio de colaboración con AFAGA.

Enténdese pola enfermidade de Alzheimer un conxunto de síntomas derivados dunha enfermidade cerebral dexenerativa que se manifesta nunha progresiva perda de memoria, da linguaxe e do xuízo. Descoñécense as causas e non existe tratamento para a súa cura.

AFAGA ten como finalidade promover actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e unha mellor atención ós enfermos de Alzheimer e outras demencias.

A finalidade deste convenio é subvencionar un Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa, empadroadas no Concello de Vigo.

Os obradoiros teñen como obxectivos:

- Mellorar a calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e do seu núcleo de convivencia.

- Proporcionar ó grupo de convivencia os instrumentos máis axeitados para afrontar as situacións derivadas da doenza.
- Prolongar, na medida do posible, a primeira fase da enfermidade, cando a persoa enferma aínda conserva certo grao de autonomía.

Este programa levarase a cabo coa sinatura dun convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a Asociación de enfermos de Alzheimer AFAGA. Os beneficiarios, que deberán estar empadroados en Vigo, serán derivados polo Departamento de Benestar Social ou por outras entidades, sen custo ningún.

O convenio estará vixente durante o ano 2017 cun orzamento total de 18.000,00€.

A subvención que se propón está prevista nos orzamentos de Política Social e o seu réxime é o de concesión directa a teor do artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión e a motivación necesaria para utilizar o procedemento de concesión directa.

A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Por acreditarse razóns de interese público, social e humanitario para a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

A lexislación aplicable a este tipo de axudas é a que se sinala no artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD. 887/2006, do 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, dáse conta da proposta de data 3/03/17 asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio,

do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (CIF G-36776920), para a execución dun “Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa” – ano 2017.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 18.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 -*Convenio AFAGA*– do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(182).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN) PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS E FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 135105/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/03/17 e o informe de fiscalización do 10/03/17, dáse conta do informe da Diplomada en Traballo Social, de data 24/02/17, conformado pola xefa do Servizo de Benestar Social, que di o seguinte:

Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

A Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa "Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)", entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica.

Estímase conveniente a continuación desta colaboración para o exercicio de 2017.

Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2017 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - "Convenio AFAN" (55.000 €).

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o convenio de colaboración coa asociación AFAN (exercicio de 2017) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en situación de necesidade.

Así mesmo, dáse conta da proposta de data 02/03/17, asinada pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» (AFAN) para o exercicio de 2017 sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» - AFAN (CIF G-36660348) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 55.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 -*Convenio AFAN*– do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(183).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL SANTA MARTA-CASCO VELLO. EXPTE. 17500/332.

Dáse conta da proposta asinada con data 16/03/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de marzo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión do licitador UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de febreiro de 2017, previa aceptación do informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 1 e 2 de febreiro de 2017, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8.A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*“Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 15*), de conformidade co previsto no artigo 150.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Segundo.- Excluir ao licitador AURORA, PILAR Y ANA, S.L. deste procedemento por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido, de acordo co informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 9 de marzo de 2017.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	99,50
2	ARASTI BARCA, S.L.	81,97
3	CLECE, S.A.	87,96
4	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	52,03

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 629,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

6(184).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE. 15839/333.

Visto o informe xurídico do 23/02/17 e o informe de fiscalización do 06/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/02/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Vigo Rugby Clube polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Vigo Rugby Club conta cun equipo de elite na modalidade de Rugby na categoría División de Honra B. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra B hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Vigo Rugby Clube e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Clube para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a

normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Vigo Rugby Clube durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Clube para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra B na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000,00€. a favor da entidade Vigo Rugby Clube co CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1ºTravesía de Santiago de Vigo 36201, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15839/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15839/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Ramón González-Babé Iglesias como presidente da entidade Vigo Rugby Clube CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1º Travesía Santiago de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15839/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Vigo Rugby Clube conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra B desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Vigo Rugby Club desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Vigo Rugby Clube impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Rugby en etapas de formación,

contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000,00€, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Clube.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Vigo Rugby Clube na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Vigo Rugby Clube non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15839/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Vigo Rugby Clube como entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Vigo Rugby Clube comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.*

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Rugby na tempada 2016/2017.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Clube na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Clube (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Clube unha subvención por importe de 28.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería

de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

7(185).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE C.D. XUVENIL DE TEIS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE. 15835/333.

Visto o informe xurídico do 23/02/17 e informe de fiscalización do 06/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/02/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría SuperLiga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría SuperLiga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. Xuvenil de Teis e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. Xuvenil de Teis para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. Xuvenil de Teis durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría SuperLiga Feminina 2 na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€. a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12,

en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15835/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. XUVENIL DE TEIS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE elite NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15835/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade C.D.Xuvenil de Teis con CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa,12 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15835/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de elite que participa na categoría SuperLiga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00€, a favor da entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade C.D. Xuvenil de Teis na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15835/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. Xuvenil de Teis o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- *A entidade C.D. Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*

- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2016/2017.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Xuvenil de Teis (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería

de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

8(186).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE.15849/333.

Visto o informe xurídico do 23/02/17 e informe de fiscalización do 06/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/02/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Asociación Deportiva Carballal polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Asociación Deportiva Carballal conta cun equipo de elite na modalidade de balonmán na categoría División de Honor Prata Feminino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honor Prata Feminino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Asociación Deportiva Carballal e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Asociación Deportiva Carballal para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos"*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Asociación Deportiva Carballal durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Asociación Deportiva Carballal para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honor Prata Feminina na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00€. a favor da entidade Asociación Deportiva Carballal co CIF: G-36686376 e enderezo social no Lugar de Carballal-Cabral s/n 36318, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente

núm. 15849/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE elite NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15849/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don José Barciela Cabaleiro como presidente da entidade Asociación Deportiva Carballal CIF: G-36686376 e enderezo social no lugar de Carballal-Cabral s/n 36318, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15849/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Asociación Deportiva Carballal conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honor Prata Feminino desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Asociación Deportiva Carballal desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Asociación Deportiva Carballal impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da entidade deportiva Asociación Deportiva Carballal.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Asociación Deportiva Carballal na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Asociación Deportiva Carballal non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15849/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Asociación Deportiva Carballal como entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- *A entidade Asociación Deportiva Carballal comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.*
- Xornadas de formación.*
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*

- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2016/2017.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Colaborar coa entidade Asociación Deportiva Carballal na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Asociación Deportiva Carballal (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Asociación Deportiva Carballal unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería

de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

9(187).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE HALCONES DE VIGO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE.15838/333.

Visto o informe xurídico do 23/02/17 e informe de fiscalización do 06/03/17, dáse conta do informe-proposta do 23/02/17, asinado coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Clube conta cun equipo de elite na modalidade de Beisbol na categoría Liga Nacional Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade _____ para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Clube para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Liga Nacional Primeira División na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 15.000,00€. a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube co CIF: G-36933331 e enderezo social na rúa Curros 17, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu

secretario que figura na documentación do expediente núm. 15838/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.14 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUBE EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15838/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona M^a Isabel Villar de Dios como presidenta da entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube CIF: G-36933331 e enderezo social na rúa Curros 17 en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15838/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Beisbol en etapas

de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.14, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15838/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Halcones de Vigo Beisbol Clube como entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- *A entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Beisbol na tempada 2016/2017.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Beisbol Clube unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de

subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

10(188).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE.15837/333.

Visto o informe xurídico do 23/02/17 e informe de fiscalización do 06/03/17, dáse conta do informe-proposta do 23/02/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución de data 16/02/2017 remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade C.D. Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.

Iniciadas as dilixencias previas á tramitación do expediente de subvención nominativa a favor da entidade C.D. Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017, o Director Técnico da área de deportes, co VºBo do Tesoureiro do Concello de Vigo, asinan informes no expediente 679-611, o 15/11/16 sobre as débedas vinculadas coa utilización de instalacións deportivas municipais. O documento acredita que a entidade C.D. Bosco atópase pendente do pago por diversos usos deportivos das instalacións deportivas municipais por importe de 7.501,24€.

Tras a comunicación da débeda á entidade C.D. Bosco, se procede a informar que:

- Na actualidade xa se atopa moi avanzada a tempada deportiva sobre a cal está fundamentado o obxecto da subvención que se tramita polo presente expediente.
- No desenvolvemento da tempada deportiva 2016/17 iniciada o pasado mes de setembro e que finaliza en maio, esta entidade deportiva ten a obriga da execución de todos os gastos vinculados o desenvolvemento deportivo da competición na cal atópase inscrita, e de maneira extraordinaria é importante significar, que a situación de crise económica xera unha importante diminución dos recursos propios, e consecuentemente da capacidade de liquidez para afrontar en tempo e prazo todas as necesidades económicas vinculadas a proxectos deportivos de élite, o que leva implícito unha desviación da previsión inicial da entidade.

Atendendo ás causas expostas, e tendo en conta que as mesmas describen unha situación de extraordinariedade, a xuízo do técnico que subscribe o presente informe proposta, considérase a necesidade de atopar unha solución que posibilite o obxecto da subvención,

que non é outro, que colaborar economicamente para a afrontar os gastos obrigatorios que ten unha entidade deportiva para desenvolver un proxecto de transcendencia para o deporte local, como o propio dun equipo na élite da súa disciplina deportiva. Polo tanto, en relación á subvención obxecto deste expediente, debemos destacar que a entidade beneficiaria podería presentar para a xustificación da mesma, entre outros moitos gastos, os gastos dos custes das instalacións deportivas nas cales desenvolve a súa actividade.

Ademáis, tendo en conta a situación evidenciada, e tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, admitiranse como gastos subvencionables os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade obxecto do convenio e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Clube Deportivo Bosco conta cun equipo de elite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Deportivo Bosco e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses

xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. Bosco para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, coa excepcionalidade de que na súa resolución, se adecúe o pago do importe contemplado como subvención para poder liquidar en primeiro lugar a débeda que actualmente ten a C.D. Bosco co Concello de Vigo pola utilización de instalacións deportivas municipais por importe de 7.501,24€.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Deportivo Bosco durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Clube Deportivo Bosco para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Liga Feminina 2 na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 84.500,00€. a favor da entidade Clube Deportivo Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na Ronda Don Bosco 33 bjo, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15837/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 7.501,24€ serán abonados directamente ó Concello de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade C.D. Bosco polos usos de instalacións deportivas municipais da entidade.

- 76.998,76€ serán abonados directamente a entidade C.D Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na Ronda Don Bosco 33 bjo, en Vigo,, mediante transferencia bancaria.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUBE DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE elite NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15837/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Juan Carlos Álvarez Pacios como presidente da entidade Clube Deportivo Bosco CIF: G-36692317 e enderezo social na Ronda Don Bosco 33-bjo en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15837/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Clube Deportivo Bosco conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Deportivo Bosco desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Clube Deportivo Bosco impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 84,500,00€, a favor da entidade deportiva Clube Deportivo Bosco.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Clube Deportivo Bosco na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade Clube Deportivo Bosco non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15837/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a entidade deportiva Clube Deportivo Bosco, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Clube Deportivo Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*

- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- ...

2º.- *Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2016/2017.*

3º.-*Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.*

4º.-*Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

5º.-*Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:*

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.-*Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

7º.-*Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- *Colaborar coa entidade Clube Deportivo Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

2º.- *Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Deportivo Bosco (revista, web, etc).*

3º.- *Conceder directamente á entidade Clube Deportivo Bosco unha subvención por importe de 84.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería

de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

11(189).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE.15836/333.

Visto o informe xurídico do 28/02/17 e informe de fiscalización do 08/03/17, dáse conta do informe-proposta do 24/02/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade C.D. AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Amfiv conta cun equipo de elite na modalidade de baloncesto en cadeira de rodas na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos"*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. AMFIV durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. AMFIV para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 53.000,00€. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación s/n en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15836/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE elite NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXpte. 15836/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Jose Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15836/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. AMFIV conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. AMFIV impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do baloncesto en cadeira de rodas en

etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 53.000,00€, a favor da entidade deportiva C.D.AMFIV.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade C.D.AMFIV na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15836/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. AMFIV o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- *A entidade C.D. AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto en cadeira de rodas na tempada 2016/2017.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D AMFIV unha subvención por importe de 53,000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de

subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo mesmo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2016/2017. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2017.

12(190).- PROXECTO DE CONVENIO CO CLUB AMFIV CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “COPA DE EUROPA CHALLENGE CUP 2017”, DO 26 Ó 30 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15857/333.

Visto o informe xurídico do 23/02/17 e o informe de fiscalización do 08/03/17, dáse conta do informe-proposta do 14/03/17, asinado polo coordinador deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15857/333 sobre a proposta de subvención a favor da entidade deportiva Club Amfiv co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do proxecto “Copa de Europa Challenge Cup 2017”, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 8 de Marzo de 2017, procede informar, sobre as consideracións detalladas no dito informe, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

- Procedeuse a modificación no convenio da cláusula décimo terceira, substituindo o “RD 1398/1993, de 4 de agosto, que aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora” que é unha norma revogada, pola Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal e como se detalla no informe de fiscalización.

Por todo o exposto, procédese á modificación do informe proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I.- Antecedentes:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor do Clube Amfiv ao obxecto de coadjuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

O Clube Amfiv é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas, sendo a súa práctica principal o baloncesto en cadeira de rodas.

En virtude do cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral unha das liñas de actuación do Clube Amfiv vai encamiñada á dinamización de competicións que fomenten e impulsen a práctica do baloncesto en cadeira de rodas en calquera das súas modalidades, posibilitando un maior achegamento á Sociedade en xeral a esta modalidade de gran arraigo na cidade de Vigo.

Unha das actuacións mais relevantes que o Clube Amfiv desenvolve no ano 2017 é a organización da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se vai celebrar entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Baloncesto en Cadeira de Rodas a nivel internacional, xa que nela participarán os mellores deportistas da especialidade do territorio, de 8 equipos europeos de máxima categoría, xuíces e árbitros internacionais e demais delegacións nacionais, outorgando á competición a etiqueta de mellor evento da modalidade.

Na competición participarán 150 deportistas nas diferentes categorías, e se estima miles de persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interese xeral para a cidade de Vigo, como a Copa de Europa Challenge 2017, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida polo Clube Amfiv, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do dito Campionato que se celebrará na cidade de Vigo entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Clube Amfiv é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrència, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención o Clube Amfiv, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

O Clube Amfiv non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15120/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Copa de Europa Challenge Cup 2017, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases

de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos"*.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Clube Amfiv é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 26 e o 30 de Abril de 2017, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

O Clube Amfiv presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento da Copa de Europa Challenge Cup 2017 e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Clube Amfiv das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e o Clube Amfiv, co CIF: G-36711380 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor do Clube Amfiv, co CIF: G-36711380 con enderezo social na Rúa Kiosco Canido Estación s/n, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento da Copa de Europa Challenge Cup 2017 que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 26 e 30 de Abril de 2017.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUBE AMFIV CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "COPA DE EUROPA CHALLENGE CUP 2017" ENTRE O 26 E O 30 DE ABRIL DE 2016. (Expte. 15857/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Jose Antonio Beiro Rodríguez como presidente do Clube Amfiv, CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosco Canido Estación s/n, en Vigo e na representación

da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15857/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que o Clube Amfiv é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas, sendo a súa práctica principal o baloncesto en cadeira de rodas.

En virtude do cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral unha das liñas de actuación do Clube Amfiv vai encamiñada á dinamización de competicións que fomenten e impulsen a práctica do baloncesto en cadeira de rodas en calquera das súas modalidades, posibilitando un maior achegamento á Sociedade en xeral a esta modalidade de gran arraigo na cidade de Vigo.

II.- Que no ano 2017, a entidade organiza na cidade a Copa de Europa Challenge Cup 2017, que lle outorga un valor moi importante para a promoción do baloncesto en cadeira de rodas, tanto na propia cidade de Vigo como nas diferentes cidades da xeografía nacional, e que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito deportivo na cidade de Vigo, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor. Este evento, é unha das competicións máis destacadas no ámbito nacional, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito da modalidade, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Baloncesto en Cadeira de Rodas a nivel internacional, xa que nela participarán os mellores deportistas da especialidade do territorio, de 8 equipos europeos de máxima categoría, xuíces e árbitros internacionais e demais delegacións nacionais, outorgando á competición a etiqueta de mellor evento da modalidade.

Na competición participarán 150 deportistas nas diferentes categorías, e se estima miles de persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos

ocasionados polo desenvolvemento do evento, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que o Clube Amfiv non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Copa de Europa Challenge Cup 2017, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Clube Amfiv comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver a Copa de Europa Challenge Cup 2017 entre o 26 e o 30 de Abril de 2017.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder o Clube Amfiv unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Copa de Europa Challenge Cup 2017". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Colaborar, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto deportivo na cidade de Vigo.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da Copa de Europa Challenge Cup 2017 (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do

obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- O beneficiario está informado que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de 2017.

13(191).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XXVIII CROSS ESCOLAR PÁRROCO DON CAMILO” O DOMINGO 26 DE MARZO DE 2017. EXPTE. 15695/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 09/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade ANPA PÁRROCO DON CAMILO, co CIF (G-36643500), solicitou o día 24-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160159713), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXVIII CROSS ESCOLAR PÁRROCO DON CAMILO
- Data: 26 de marzo de 2017
- Horario: DE 10.00H A 13,30H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 26 de marzo de 2017. A proba comezará ás 10.00h, cunha duración aproximada de tres horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: saída do colexio para seguir pola estrada Matamá Pazo, Camiño Rodeira, Camiño Nogueira, e volver pola rúa Matamá Pazo para rematar no colexio.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A.N.P.A. PÁRROCO DON CAMILO, co CIF (G-36643500), a organizar a proba deportiva denominada XXVIII CROSS ESCOLAR PÁRROCO DON CAMILO, o vindeiro domingo 26 de marzo de 2017, a proba comezará ás 10.00h e rematará ás 13.30h. Terá a súa saída dende o colexio para seguir pola estrada Matamá Pazo, Camiño Rodeira, Camiño Nogueira, e volver pola rúa Matamá Pazo para rematar no colexio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(192).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “II FUTSAL NA RÚA” O DOMINGO 26 DE MARZO DE 2017. EXPTE. 17512/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 09/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Asociación de Vigo de Fútbol Sala con CIF (G-36929347), solicitou o día 28-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160161288), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: II FUTSAL NA RÚA*
- *Data: 26 de marzo de 2017*
- *Horario: DE 7.30H A 23.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 26 de marzo de 2017. A proba comezará ás 10.00h, e rematará ás 20.00h. Esta proba desenvolverase na rúa Areal entre a rúa Pontevedra e o cruce da rúa Colón con Praza de Compostela

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo, así como ao servizo de Limpeza.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación de Vigo de Fútbol Sala con CIF (G-36929347) a organizar a proba deportiva denominada II FÚTSAL NA RÚA, o vindeiro domingo 26 de marzo de 2017, a

proba comezará ás 10.00h e rematará ás 20.00h esta proba desenvolverase na rúa Areal entre a rúa Pontevedra e o cruce da rúa Colón con Praza de Compostela.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(193).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O INICIO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO, DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA. EXPTE. 15909/303.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 08/03/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1) A Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2016 acordou, en base aos informes técnicos previos, aprobar o proxecto básico e de execución das OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA (expte 15066-333). Este proxecto, foi redactado pola Enxeñeira D^a Trinidad López Rodríguez, da empresa Galaicontrol, de acordo co proxecto de data marzo de 2016 e que se anexa ao expediente 15066-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de trescentos oitenta e cinco mil novecentos oitenta e tres euros con cincuenta e seis céntimos -385.983,56 € e cun prazo estimado para a execución das obras de CINCO meses.

2) A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 2 de setembro de 2016, acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras de **“CONTRATACIÓN, POLA MODALIDADE DE PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA”**. EXPTE. 15188/333.

3) A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2016, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto das **“OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA. EXPTE. 15188/333”**, a favor da mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., por un prezo total de 330.170,34 euros (IVE engadido).

4) O Concello de Vigo formaliza o día 28/12/2016 o CONTRATO de adxudicación das **“OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA. EXPTE. 15188/333”**, coa empresa adxudicataria das obras.

5) En canto á dirección de obra, a **Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 13 de xaneiro de 2017, acordou o nomear a D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, ambos os dous arquitectos municipais dependentes da Oficina de Proxectos e Obras da Xerencia de Urbanismo como directores facultativos** para a supervisión da dita obra (expte 15786-333).

6) Para a **contratación da coordinación de Seguridade e Saúde, adxudicouse o servizo á empresa Galaicontrol, S.L.**, por un importe total, con IVE, de 1.573 €, mediante decreto de data 17/01/2017 (expte 15797-333). A raíz do mesmo, Galaicontrol propón a D. Pedro Armesto Fernández, co NIF nº 36135238F, enxeñeiro de Minas e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais (colexiado nº 2667 NO). A proposta é resolta polo concelleiro-delegado de Deportes en resolución de data 30/01/17, na que procede ao nomeamento como coordinador de Seguridade e Saúde, do técnico proposto (expte 15816-333).

7) Con data **23/01/2017, asínase a Acta de Comprobación de Replanteo Negativa.**

8) Con data 6/03/2017, os directores facultativos das obras, **os arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, emiten informe técnico solicitando autorización para a redacción do proxecto modificado nº 1, sen incremento económico**, coa xustificación técnica que a continuación se transcribe:

“No proceso de análise da documentación do proxecto para a posta en marcha da obra déctanse os seguintes problemas:

- *No proxecto plantexouse a instalación dun taboleiro estrutural tipo SUPERPAN-ECH-P5 de 20mm de espesor apoiado directamente sobre a subestrutura metálica a unha distancia de 90 cm polo que, dende a Xefatura de Obra contactouse ca empresa fabricante deste tipo de taboleiros (FINSA) para o encargo do material necesario para a execución da obra. O departamento técnico da empresa FINSA, tra-la revisión da documentación do proxecto informa que iste tipo de taboleiro non resulta válido para o soporte das cargas previstas no proxecto.*

Tra-la análise das fichas técnicas dos diversos taboleiros estruturais que fabrica FINSA concluímos que, para soporta-las sobrecargas de uso previstas en proxecto (5 KN/m²) é necesario instalar un taboleiro estrutural tipo SUPERPAN-TECH-P6 de 38mm de espesor apoiado cada 60 cm. Dacordo con istas características de tipo de material e distancia de apoios a empresa subministradora do produto certifica co material soporta os niveis de resistencia, deformación máxima e estado límite último de cortante esixibles para a sobrecarga de uso prevista en proxecto polo que é necesario substituí-lo material inicialmente previsto no proxecto polo especificado polos servizos técnicos do fabricante.

- *No proxecto de execución plantéxase unha estrutura de vigas metálicas apoiadas nos muros laterais do vaso da piscina con separacións entre os diversos elementos de 90 cm.*

No proxecto indicábase

a necesidade de comprobar “in situ” as condicións dos muros de formigón do vaso da piscina nas zonas nas que se pretendía apoia-las cerchas metálicas xa que nesa zona atópase o rebosadoiro perimetral da piscina que reduce o ancho do muro de formigón precisamente na zona na que se transmitirá a carga do novo pavimento de cubrición do vaso. A necesidade de plantexar intereixos de 60 cm entre apoios do taboleiro estrutural do novo solo e a comprobación “in situ” da precaria situación do muro de formigón na zona na que se atopa o rebosadoiro (zona na que se asentarían as vigas metálicas que permitirían cubri-lo vaso) levan a Dirección Facultativa a plantexa-la necesidade de reformula-la estrutura de soporte do novo pavimento que cubrirá o vaso da piscina.

- *No proxecto de execución plantéxase unha escaleira de evacuación para situacións de emerxencia disposta con trazado de ida e volta. Comprobadas as condicións do solo e o risco de executar traballos de excavación xunto ó talude de terras existente consideramos mais axeitado plantexar unha escaleira dun único tramo de tal xeito que os usuarios poidan*

sair no senso do percorrido de evacuación e que se execute a cimentación da escaleira de evacuación mais lonxe do inicio do talude.

En consecuencia, a redacción do Proxecto Modificado no 1 sen incremento económico ten por obxecto recolle-las modificacións de proxecto que se derivan dos axustes da estrutura de cubrición da piscina e do taboleiro estrutural de soporte do novo solo así coma da forma da escaleira de evacuación, procedendo tamén a revisa-las medicións doutras partes de obra afectadas polas modificacións destas partidas e axustándoas ás previsións reais.

Atendendo ó indicado nas FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP entendemos que se xustifica a posibilidade de modifica-lo contrato nas unidades de obra relacionadas coa definición de estruturas e pavimentos así coma as específicas das escaleiras de evacuación xa que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra atopámonos con condicións técnicas específicas distintas das recollidas no proxecto.

Por outra parte, e atendendo ó indicado no Artigo 107 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, "Modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación", consideramos que se xustifica a necesidade de modifica-los aspectos indicados atendendo tamén ó primeiro punto do devandito artigo:

"a) Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas."

ORZAMENTO:

En primeiro lugar, estas modificacións provocan variacións nas medicións das unidades de obra recollidas no proxecto en vigor, co que resulta preciso redefinir as mesmas para axustalas ás condicións reais da obra.

Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións sinaladas supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios que proporá a dirección facultativa, consecuentes coas modificacións técnicas adoptadas, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos dos prezos descompostos.

Todo iso non provocará variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de 330.170,34 € (IVE incluído), quedando xustificado o total do investimento económico.

CONCLUSIÓN:

Estímase que as citadas modificacións non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público. Considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato, non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no prego de Clausulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA. Os aspectos e as circunstancias que determinan a modificación correspóndense coas recollidas no apartado 15

das FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP e nas contempladas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”.

Fundamentos técnicos e xurídicos:

I.- A necesidade da modificación do proxecto e a súa xustificación figuran no informe da Dirección facultativa da obra de data 6/03/2017, transcrito no antecedente nº 8 deste informe.

II.- Procedemento a seguir.- O procedemento a seguir será o mesmo que de aprobación dun proxecto técnico:

- Unha vez que por parte da Xunta de Goberno Local se autorice o inicio do expediente deberá procederse por parte dos arquitectos municipais e directores facultativos da obra, D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, á redacción do proxecto modificado n.º 1, sen incremento económico.*
- A dirección técnica, previa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Deportes, someterá á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación do modificado do proxecto.*

*III.- En base ao disposto no artigo 234.3, do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que recolle especificamente as modificacións do contrato de obras, é necesaria a autorización do órgano de contratación para iniciar o expediente administrativo de modificación. Tamén, no punto 1º, indícase que “serán obrigatorias para o contratista as modificacións del contrato de obras **que se acorden de conformidade** co establecido no artigo 219 e no título V do libro I.”*

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Autorizar o inicio do expediente de redacción do proxecto modificado n.º 1, sen incremento económico, do “proxecto básico e de execución de accesos e cubrición da piscina da ETEA”, aos arquitectos municipais adscritos á Oficina de Proxectos e Obras da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, ambos os dous directores facultativos da dita obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(194).- PROPOSTA DE DESESTIMATORIA DO RECURSO PRESENTADO CONTRA A O ACORDO DA XGL DE OUTORGAMENTO DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2016. EXPTE. 12786/77.

Visto o informe de fiscalización do 06/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/03/17, asinado polo xefe do servizo de Emprego, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11.11.2016, acordou o outorgamento das Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2016 (Expte. 12786/77).

No acordo propónse a denegación, entre outras, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
13117/77	BERMO FERRETERÍA, SCG	F94119468	L

(*) Segundo a táboa de denegación das axudas, que consta no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado, o código "L" corresponde a "Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es" segundo a base 1.3.5.

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2016, con data do 11.11.2014 publicouse no taboleiro de edictos do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org a resolución relativa ao outorgamento destas axudas.

Con data do 24.02.2017 e núm. de rexistro 170027990 Miguel Barbés Amoedo co DNI 39451237G en calidade de representante da sociedade Bermo Ferretería, SCG co NIF F94119468 presentou, fora do prazo establecido ao efecto, recurso contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 11.11.2016 pola que se lle denegou a axuda solicitada.

No recurso presentado o representante da empresa manifesta a disconformidade coa resolución e solicita admitir o dito recurso e a revisión do expediente debido á inexistencia da causa da denegación baseado nas seguintes alegacións:

- "... Que habiéndose publicado la resolución de la ayuda de 2016, pero sin haber sido notificado ni telemáticamente ni por correo, y con la cual NO RESULTO CONFORME, ..."
- "... Que la motivación que esgrime la oficina gestora que imposibilita el derecho de concesión de la ayuda, no es cierta, ya que el solicitante no tenía ninguna deuda con el Ayuntamiento de Vigo, tal como se me confirmó cuando nos presentamos presencialmente, momento en que se hizo una segunda comprobación.
- "... Que no se puede denegar una ayuda por supuestamente tener deudas con el Ayuntamiento de Vigo y que finalmente haya sido un error de comprobación por parte de la administración, porque en realidad no tenía ninguna deuda. Y con todo esto, que no se hagan cargo del error, ni asuman el mismo, saliendo perjudicado en este caso nuestra empresa.

Revisado o expediente 13117/77 a nome de Bermo Ferretería, SCG constátase que:

- segundo a base 5ª. Concesión das axudas e tramitación do pagamento "...A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, ..." polo que procedeuse a publicar o acordo

da Xunta de Goberno Local adoptado o 11.11.2016, na mesma data, no Taboleiro de Edictos e na páxina web do concello.

- o expediente 13117/77 contén o certificado de Tesourería de 26 de agosto de 2016 que fai constar a existencia de débedas pendentes de pagamento na vía de constrinximento do promotor Miguel Berbés Amoedo co CIF 39451237G. Desde xeito, segundo a base 1.3 Requisitos o incumprimento do punto 5. "Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os/as promotores/as..." deu lugar a denegación da axuda sen máis trámite.
- Tanto no acordo do 11.11.2016 adoptado pola Xunta de Goberno Local como no documento de publicación das axudas concedidas e denegadas, da mesma data, faise constar ao abeiro da base 5ª. Concesión das axudas e tramitación do pagamento, que *"...Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común."*; en consecuencia, o recurso presentouse fora do prazo establecido ao efecto.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso presentado por Miguel Berbés Amoedo co DNI 39451237G (expte. 13117/77), por canto non procede o obxecto do recurso por presentarse fora do prazo establecido ao efecto, segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2016.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado en resposta ao recurso presentado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(195).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADO POLO RÉXIME DE GASTO MENOR POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 2237/334.

Dáse conta da proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, de data 9/03/17, conformado pola concelleira de Normalización Lingüística, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de xaneiro e febreiro de 2017.

Expediente	2221-334. Portes
Decreto concelleira	data 11 de xaneiro de 2017
Informe Intervención	RC 3708
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	300,00 euros

Expediente	2222-334. Cursos de lingua galega <i>Achégate ao galego</i>
Decreto concelleira	data 24 de xaneiro de 2017
Informe Intervención	RC 6033
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	3.024,00 euros

Expediente	2226-334. Programa <i>Vigo literario</i>
Decreto concelleira	data 17 de febreiro de 2017
Informe Intervención	RC 14571
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	6.000,00 euros

Expediente	2227-334. Celebracións de datas conmemorativas galegas
Decreto concelleira	data 17 de febreiro de 2017
Informe Intervención	RC 8884
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	15.000,00 euros

Expediente	2228-334. Curso de auga doce
Decreto concelleira	data 31 de xaneiro de 2017
Informe Intervención	RC 8651
Adxudicatario	Xabier Xil Xardón
Importe	792,00 euros

Expediente	2229-334. Obradoiros de regueifas para alumnado de secundaria e certame
Decreto concelleira	data 6 de febreiro de 2017
Informe Intervención	RC 8112
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	5.400,00 euros

Expediente	2231-334. Proxecto de dinamización lingüística “Biblioteca vivente”
Decreto concelleira	data 24 de febreiro de 2017
Informe Intervención	RC 17967
Adxudicatario	Antaxurada (Xandobela)
Importe	4.400,00 euros

Expediente	2226-334. Obradoiro de recursos informáticos para traballar en galego
Decreto concelleira	data 28 de febreiro de 2017
Informe Intervención	RC 21320
Adxudicatario	Miguel Solla Portela
Importe	540,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(196).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ONCE PARA A REUBICACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 19648/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta o informe-proposta de data 3/03/17, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, a xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- A ONCE mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral o 29 de novembro do 2016, manifesta ter licencia para a instalación de quioscos destinados a venda de produtos de xogo da ONCE nos seguintes enderezos: rúa Gran Vía nº 116, rúa Sanjurjo Badía nº 190, rúa Gregorio Espino nº 21 e na Praza de España s/n. Que por motivos do insuficiente fluxo peonil, os axentes-vendedores que desenvolven seu cometido nos mesmos, vense obrigados a desplazarse a outros puntos de venda, polo que solicita autorización para proceder á reubicación deses quioscos nos seguintes enderezos, respectivamente: rúa Gran Vía nº 118, rúa Sanjurjo Badía nº 131, praza María do Carme Kruckenberg esquina Jenaro de la Fuente, e na rúa Urzáiz nº 120.

SEGUNDO.- Polo servizo de mobilidade e seguridade emitiuse informe o pasado 21 de decembro do 2016 no que sinala: Pasada visita de inspección no observamos problemas en las nuevas situaciones solicitadas que interfieran en movilidad peatonal o de tráfico rodado.

Deberá de solicitarse permiso de ocupación de vía pública una vez sea concedida la autorización.

TERCEIRO.- No presente suposto, o solicitado pola concesionaria supón unha modificación da concesión administrativa que foille outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5.12.2014, respecto a situación dos quioscos cuxa instalación autoriza e que constan referenciados na clausula III do prego de clausulas administrativas e técnicas, vendose afectada dita relación no que atinxe a dirección da instalación sinalada respecto dos quioscos referidos pola concesionaria na súa solicitude do 29/11/2016. Neste senso, e atendendo o informe do servizo municipal de seguridade e mobilidade consonte non existen inconveniente nas ubicacións solicitadas, procede acceder ao interesado pola concesionaria e conseguintemente modificar os enderezos dos quioscos nº 1, 3, 8 e 10 da relación reflectida na clausula III do prego de condicións que quedarían do seguinte xeito, mantendose no demais os mesmos termos nos que otorgouse a concesión:

Nº	ENDEREZO
1	Rua Urzaiz nº 120
3	Praza María do Carme Kruckenberg esquina Jenaro de la Fuente
8	Rua Gran Vía nº 118
10	Rua Sanjurjo Badía nº 131

CUARTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Autorizar a la ONCE para a instalación, nos seguintes enderezos, os quioscos nº 1, 3, 8 e 10 reflectidos na relación contida na Clausula III do Prego de Condicións administrativas que rixe a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos para a venda de produtos de xogo, autorizada pola Xunta de Goberno Local o 5/12/2014, resultando modificada nesos termos a relación da clausula III e mantendose no demais as condicións nos que foi otorgada a concesión administrativa .

Nº	ENDEREZO
1	Rua Urzaiz nº 120
3	Praza Maria do Carme Kruckenberg esquina Jenaro de la Fuente
8	Rua Gran Vía nº 118
10	Rua Sanjurjo Badía nº 131

SEGUNDO.- Conceder a la ONCE un prazo de 15 días, a partir da notificación da presente autorización, para que proceda á retirada dos quioscos dos emprazamentos orixinais, debendo repoñer o dominio publico o seu estado orixinal, e a súa instalación no novo emprazamento autorizado, no lugar exacto que ó efecto se sinale pola Concellería de Seguridade e Tráfico.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo o departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras, e Seguridade e Tráfico.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(197).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DETECTADO NA PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN DE DATA 12/08/2016, NO EXPEDIENTE NÚM. 28507/220 E, EN CONSECUENCIA, NO ACORDO DA XGL DE DATA 04/11/2016. EXPTE. 29585/220.

Dáse conta do informe-proposta do 07/03/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 04/11/2016 acordou a aprobación dos criterios de xestión das adscricions temporais a postos de traballo vacantes incluídos no Grupo C de titulación (subgrupos C1 e C2), contido no Anexo I do expediente administrativo 28507-220.

Advertido erro no referido Anexo I en canto aos requisitos para a realización das adscricions provisionais, no que literalmente se di "Non podera existir una diferenza maior de dous puntos no complemento de destino entre o posto de orixe e o que se pretende realizar a adscrición", cando debería dicir "Non podera existir una diferenza maior de tres puntos no complemento de destino entre o posto de orixe e o que se pretende realizar a adscrición", resulta procedente a súa rectificación.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"Primero.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o erro detectado na proposta da Área de Recursos Humanos e Formación de data 12/08/2016, no apartado "requisitos" do Anexo I, debendo figurar onde di: "Non podera existir una diferenza maior de dous puntos no complemento de destino entre o posto de orixe e o que se pretende realizar a adscrición", deberá dicir "Non podera existir una diferenza maior de tres puntos no complemento de destino entre o posto de orixe e o que se pretende realizar a adscrición", mantendo os restantes extremos do acordo indicado".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(198).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN/DUNHA DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL, BAIXO A MODALIDADE PROPOSTA NO ART. 10.1.A) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, CON CARGO Á VACANTE DA MESMA DENOMINACIÓN CORRESPONDENTE Á OEP 2016. EXPTE: 29419/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/03/17, dáse conta do informe-proposta do 10/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal e Persoal, di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 02 de decembro de 2016, expte. 28960/220, procedeu a modificar o acordo adoptado na súa sesión de 08/04/2016, pola que se aprobou a oferta de emprego Público correspondente ao ano 2016, que quedou integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

"a) *Persoal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Libre
8	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	5 Libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Admón. Xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a Industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a Trballo Social	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a Xestión	A2	Admón.	Servizos Especiais	Cometidos	Promoción

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
			Especial		Especiais.	Interna
1	Técnico/a Relaciones Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Medio/a Sistemas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
2	Programador/a Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Libre
1	Sarxento Extinción Incendios	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Promoción Interna
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre

b) *Personal laboral* : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, 1 oficial mecánico e, 2 oficiais coidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.
- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservárase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual".

O referido acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 243 de 22 de decembro de 2016 e no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 247 de 28 de decembro seguinte. O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 06 de febreiro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local, entre outras, dunha praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, previsto no artigo 10.1.a). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a referida praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

En cumprimento do ordenado, con data 21/02/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual a citada praza xa foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 e rectificada en sesión de 2 de decembro de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte e, rectificacións no BOP nº 243 de 22 de decembro de 2016 e DOG nº 247 de 28 de decembro seguinte.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a Traballo Social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos reiterados escritos de petición tanto da xefatura do Servizo como da Xefatura da Área onde se atopa a vacante, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 06/02/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que a cobertura desta praza vacante se corresponde cun caso excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, considerándose a prestación deste Servizo como esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada nos reiterados escritos de petición da xefatura do Servizo e do Xefe da Área de Benestar Social recibidos nesta Área de Recursos Humanos e Formación, así como na propia Instrución de Servizo do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de data 06/02/2017 que figura anexado ao expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto dunha diplomada en traballo social, supón un gasto de 37.342,54€ (ao que deberá engadirse a cantidade de 11.706,89€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa), e imputarase con cargo a praza vacante existente no Servizo de Benestar Social, cód. 301, programa funcional 231.0, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 81-Diplomado/a Traballo Social), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade, significando que o custe máximo anual será de **38.830,79€** (dos que **29.562,84€** corresponden a retribucións e, 9.267,79 a seguridade social), toda vez hai que imputalo a un máximo de 9,5 meses.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 16 de decembro de 2016 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarias de carreira con data 2 de febreiro de 2017, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 11 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de 08 de febreiro de 2017, aprobou a creación das listas de reserva derivadas da execución da Oferta de Emprego correspondente aos anos 2010-2011 que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do TRLEBEP como auxiliares de administración xeral, **diplomados/as en traballo social** e oficiais condutores/as, expte. 29414/220.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 09/03/2017, seguindo estritamente a lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público 2010-2011, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como Diplomada en Traballo Social, da aspirante núm. 1-D^a. **SILVIA MARTÍNEZ GUEDE, DNI 36.142.885-H**, que manifestou optar ao referido nomeamento interino segundo o disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Así mesmo, no apartado II dos citados criterios contéplase que "*cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo*".

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina dunha praza de Diplomado/a en Traballo Social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media, integrada no subgrupo A2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por 38.830,79€, incluídos os custes de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo ao programa orzamentario 231.0, partidas 120.00.00, 121,00.00 e, 121.01.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionaria interina con cargo a praza vacante de Diplomada en Traballo Social, a D^a. SILVIA MARTÍNEZ GUEDE, DNI 36.142.885-H, na súa condición de seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición libre de Diplomado/a en Traballo Social da última oferta de emprego executada, e no disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo a aspirante nomeada, as xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(199).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, BAIXO A MODALIDADE PROPOSTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA A ÁREA DE FOMENTO. EXPTE: 29597/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/03/17, dáse conta do informe-proposta do 10/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, con data 15 de febreiro de 2017, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino dun funcionario interino por acumulación de tarefas da Bolsa de efectivos de Enxeñeiro de Camiños, co obxecto de supervisar as numerosas obras e proxectos municipais derivadas da execución do orzamento vixente, agravado pola existencia de cinco prazas vacantes de persoal técnico coas que conta a Área.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 07 de marzo de 2017, solicitou a Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas a Xunta de Goberno Local, dun/dunha enxeñeiro/a de camiños, canais e portos previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Fomento, nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 15 de febreiro de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 09/03/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 316-Enxeñeiro de Camiños, canais e portos, adscrito a Área de Fomento, (cód. 440) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada laboral do/da traballador/a nomeado/a desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-, ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición do técnico responsable do servizo, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 07/03/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose o mantemento das infraestruturas viarias e outros equipamentos da titularidade do concello, como servizo público esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha enxeñeiro/a de camiños, canais e portos para a Área de Fomento, supón un gasto de 21.319,08€, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.920,22€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 316-Enxeñeiro/a de camiños), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, neste intre, existe unha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do TREBEP como enxeñeiros de camiños, canais e portos, que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 10/02/2017, expte. 29390/220, aprobada a proposta do Órgano de Selección segundo a acta de data 01 de febreiro anterior, correspondendo nomeamento de **D. Xacobe Paz Salgado, DNI 36.118.323-C**, aspirante que figura como primeiro reserva cunha puntuación de 16.740 puntos, o cal aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto Sr. Paz Salgado nunca prestou servizos neste concello, polo que está en condicións de ser nomeado.

Así mesmo na base VII da convocatoria establecíase que *"os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)".*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da **Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal:** "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", **a contar dende a data de adopción do referido acordo.** Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das

delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Enxeñeiro de camiños, canais e portos, subgrupo A1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Fomento, cód. 440 e, en consecuencia, autorizar o gasto por 21.319,08€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como Enxeñeiro de camiños, canais e portos, por un período máximo de seis meses, á D. XACOBÉ PAZ SALGADO, DNI 36.118.323-C, na súa condición de primeiro aspirante da Bolsa de Emprego de Enxeñeiros de camiños, canais e portos formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 10/02/2017, expte. 29390/220, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 11/12/2015, expte. 27059/220, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 316-Enxeñeiro de camiños, canais e portos, sendo adscrito a Área de Fomento (cód. 440), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado unha vez tomada posesión, será preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-, ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Xefe da Área de Fomento, ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no

prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(200).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A ÁREA DE FOMENTO. EXPTE: 29598/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/03/17, dáse conta do informe-proposta do 10/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, con data 15 de febreiro de 2017, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino dun funcionario interino por acumulación de tarefas da Bolsa de efectivos de Enxeñeiro de Enxeñeiro Industrial, co obxecto de supervisar as numerosas obras e proxectos municipais derivadas da execución do orzamento vixente, agravado pola existencia de cinco prazas vacantes de persoal técnico coas que conta a Área.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 07 de marzo de 2017, solicitou a Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas a Xunta de Goberno Local, dun/dunha enxeñeiro/a industrial previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Fomento, nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 15 de febreiro de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 09/03/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 281-Enxeñeiro industrial, adscrito a Área de Fomento, (cód. 440) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada laboral do/da traballador/a nomeado/a desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-, ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición do técnico responsable do servizo, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 07/03/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose o mantemento das infraestruturas viarias e outros equipamentos da titularidade do concello, como servizo público esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha enxeñeiro/a industrial para a Área de Fomento, supón un gasto de 21.319,08€, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.920,22€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 281-Enxeñeiro/a industrial), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, neste intre, existe unha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do TREBEP como enxeñeiros/as industriais, que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 10/02/2017, expte. 29401/220, aprobada a proposta do Órgano de

Selección segundo a acta de data 01 de febreiro anterior, correspondendo nomeamento de **D^a. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ, DNI 53.170.355-J**, aspirante que figura como primeiro reserva cunha puntuación de 19.6875 puntos, a cal aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta Sr. Arranz González nunca prestou servizos neste concello, polo que está en condicións de ser nomeada.

Así mesmo na base VII da convocatoria establecíase que *"os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)"*.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da **Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal:** "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", **a contar dende a data de adopción do referido acordo**. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Enxeñeiro/a Industrial, subgrupo A1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Fomento, cód. 440 e, en consecuencia, autorizar o gasto por 21.319,08€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Enxeñeira Industrial, por un período máximo de seis meses, á D^a. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ, DNI 53.170.355-J, na súa condición de primeira aspirante da Bolsa de Emprego de Enxeñeiros/as Industriais formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 10/02/2017, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 11/12/2015, expte. 27060/220, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 281-Enxeñeiro/a Industrial, sendo adscrita a Área de Fomento (cód. 440), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada unha vez tomada posesión, será preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-, ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo a aspirante nomeada, ao Xefe da Área de Fomento, ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(201).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS” DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1161/330.

Visto o informe xurídico do 06/03/17 e informe de fiscalización do 10/03/17, dáse conta do informe-proposta do 03/03/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 22 de febreiro pasado, o Conservatorio Superior de Música presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”* a realizar durante o exercicio 2017; por este motivo, con data 23 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 7.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulara.

ANTECEDENTES.-

O CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”*, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a segunda edición.

PROGRAMA:

* Segunda Sinfonía "Resurrección"

17 de febreiro. Teatro Afundación

Concerto conmemorativo do 43º Aniversario da fundación da UMinho, no que participa o Coro do CSM de Vigo.

* De Piano

Do 14 ao 31 de marzo

- Concerto a 3 pianos e orquesta, alumnas Virginia Fernández, Yolanda Luis e Dilara Vardar.
- Concerto de alumnado da profesora Rasa Biveiniene: Stefano Visintainer e outros.
- Concerto de alumnado do profesor Pablo Galdo: Gunay Agaralova, Violetta Tin.
- Concerto de alumnado do profesor Arabel Moráquez.
- Concerto de alumnado do profesor Severino Ortiz: Ana Senn e Sergio Gómez.
- Concerto de alumnado do profesor Pablo Rodríguez: a determinar.
- Concerto-performance, de Peter Jensen: *Cuentos para no volverme cuerdo*. Velpister. Producción escénico-musical.

- Concerto de “Xoves promesas” dos conservatorios de Galicia.

* Saxornadas.

Do 3 ao 7 de abril.

- *Multiplensemble* (saxo, acordeón, contrabaixo e percusión)
- Alejandro Troya, Lorena Dapena (saxo e piano).
- Concerto do profesor convidado: Antonio García Jorge
- Aula de saxofón do CSM de A Coruña.
- Presentación do *Ensemble de saxofóns* do CSM de Vigo.
- Conferencias a cargo de compositores e intérpretes

* Explurart.

Do 18 de abril ao 12 de maio.

- Grupo de Música Antiga. CSM de Vigo.
- Concerto: “A poesía da imaxe e a ópera”. Intérpretes: Patricia Blanco e José Manuel Fernández. Imaxe: José Manuel Mouriño. Auditorio Martín Códax.
- Concerto do proxecto da Semana da Música Española en Vilnius
- "Misa para a Paz", Jenkins. Orquestra e Coros do CSM de Vigo e da Universidade do Minho. Igrexa parroquial de María Auxiliadora (Salesianos).
- Preludios para Piano de Scriabin: relatorio e concerto. Daniel Pereira.
- Dúo ARA, e percusión.
- Coro de Cámara Rías Baixas. Selección de O Mesías, de Haendel
- Caspervek Trío. Música e cine. Metrópolis.
- Dúo Adrián Pais (saxofón) e Mila García (violonchelo).
- Joan Soriano. Percusión e imaxe.
- Camerata Arven: Beethoven, Ermanno Wolf-Ferrari.
- Cintaadhesiva. Producción literario-musical. Música de Jesús Andrés e textos de Silvia Penas
- Cola para genocidio. Suite en do para piano, voz, cuadro, relato, poesía, video e grito. Montaxe escénico musical.

* Semana das Letras Galegas.

Do 15 ao 19 de maio.

- Concerto de Canción Lirica galega. Eliseu Mera e Elena Pérez Salas.
- Concerto homenaxe a Angel Barja. Cuarteto de corda, coro.
- Concerto da Banda Sinfónica, con programa de compositores galegos. A determinar.
- “A galiña azul”, concerto con produción musical orixinal do taller de Composición I e II.
- “Romaría das Letras Galegas”. Actuacións de profesorado e alumando en horario de mañá, cafetería e xardíns do centro, con instalación de pulpeira.

* Ciclo de Música de Cámara.

Do 30 de maio ao 7 de xuño.

- Concurso de Música de Cámara. 22 de maio.
- Concertos de gañadores do concurso de música de cámara. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño. Auditorio Municipal do Concello.
- Trío de piano, violín e violonchelo. Programa adicado a Shostakovich. 2 de xuño. Auditorio Municipal do Concello.
- Pablo Rodríguez. Guitarra. 5 de xuño
- Música para Tecla de Bach. Patricia Rejas, Blanca Vázquez & cuarteto de corda. 6 de xuño.
- Orquestra Barroca do CSM de Vigo. 7 de xuño.

* Abrente.

Actividades de difusión do CSM de Vigo. De a abril a xuño.

- *Pentagramas ocultos*. Relatorios do alumnado da especialidade de Musicoloxía. Abril.
- Xornadas de Portas Abertas, do 24 ao 28 de abril.
- Concertos de agrupacións dos Conservatorios profesionais de Pontevedra e Vigo. Segunda quincena de abril.
- Concerto da Orquestra Sinfónica. Pontevedra. Segunda quincena de Marzo.
- Concerto da Banda de Música Sinfónica no Concello. 6 de abril. Auditorio por determinar.
- *Concerto de Encontro das Orquestras Sinfónicas dos Conservatorios Superiores de A Coruña e Vigo*. Auditorio "Mar de Vigo". 7 de maio.
- *Música na Cidade*. Banda Sinfónica do CSM de Vigo, e Banda Sinfónica do CMUS Profesional de Vigo. 11 de maio. Praza da Pedra.
- Concerto do Dpto. de Música Antiga no CMUS Prof. de Vigo. xuño.
- Charlas informativas nos Conservatorios Profesionais e centros educativos. Abril-maio.
- Clases maxistras nos Conservatorios profesionais. Abril-maio.

* Outros actos.

- Conmemoración do Día do libro (24 abril, Actos a determinar).
- Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de graduación. 9 de xuño.

* Programa Erasmus +.

Concertos de profesorado visitante.

- Concerto Milton Masciadri. Contrabaixo. Universidade de Georgia (EEUU). 9 de marzo.
- Concerto. Dúo de piano. Conservatorio de Bari (Italia). 7 de abril.
- Concerto. Profesorado do Conservatorio de Sarajevo (Bosnia). 25 de abril.
- Concerto: Silvia Papparelli. Piano. Conservatorio de Terni (Italia). 28 de abril.

- *Pierluigi Epifani*. Conservatorio de Lecce (Italia). 11 de maio.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 18.000 € (dezaoito mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (38,89 %)
- Consellería de Cultura, Educación e OU: 8.000 € (44,45 %)
- Conservatorio Superior de Música: 3.000 € (16,66 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro colectivo da Xunta de Galicia que cubre os riscos de accidentes do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia
- Póliza de seguro rodo risco de danos materiais para todos os ben mobles e inmonles que integran o patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia-Xunta de Galicia
- Escrito do Conservatorio Superior de Música de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"*, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"*, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao Conservatorio Superior de Música de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo
- estar organizado por un centro educativo único e específico na nosa cidade, que serve de promoción cultural e das ensinanzas alí impartidas
- a acreditación da concordancia do programa singular a executar, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades
- polo nivel de colaboración que o programa establece con outros centros de ensinanzas artísticas superiores da cidade, co obxectivo dun desenvolvemento conxunto da actividade cultural e formativa do alumando dos centros participantes
- a pertenza do centro organizador ao Espazo Europeo de Educación Superior

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo ten como obxecto financiar a organización do programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"* con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do secretario de Administración Municipal (en canto a asesor xurídico da área) e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 7.000 € (sete mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q8650014G, para o

financiamento do programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 “SUBVENCIÓN CULTURAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Conservatorio Superior de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS” DURANTE O EXERCICIO 2017

En Vigo, _ de ____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Esteban Valverde Corrales, na súa condición de director do Conservatorio Superior de Música de Vigo (CIF: Q-8650014-G) (en adiante a ENTIDADE), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que o CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, concretamente no programa FESTIVAL DA

MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS", como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor do CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO , coa cantidade de 7.000 euros.

IV.- Que o CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa FFESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS" durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 18.000 € (dezaoito mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (38,89 %)*
- Consellería de Cultura, Educación e OU: 8.000 € (44,45 %)*
- Conservatorio Superior de Música: 3.000 € (16,66 %)*

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

** Segunda Sinfonía "Resurrección"*

17 de febreiro. Teatro Afundación

Concerto conmemorativo do 43º Aniversario da fundación da UMinho, no que participa o Coro do CSM de Vigo.

** De Piano*

Do 14 ao 31 de marzo

- *Concerto a 3 pianos e orquesta, alumnas Virginia Fernández, Yolanda Luis e Dilara Vardar.*
- *Concerto de alumnado da profesora Rasa Biveiniene: Stefano Visintainer e outros.*
- *Concerto de alumnado do profesor Pablo Galdo: Gunay Agaralova, Violetta Tin.*
- *Concerto de alumnado do profesor Arabel Moráquez.*
- *Concerto de alumnado do profesor Severino Ortiz: Ana Senn e Sergio Gómez.*
- *Concerto de alumnado do profesor Pablo Rodríguez: a determinar.*
- *Concerto-performance, de Peter Jensen: Cuentos para no volverme cuerdo. Velpister. Producción escénico-musical.*
- *Concerto de "Xoves promesas" dos conservatorios de Galicia.*

** Saxornadas.*

Do 3 ao 7 de abril.

- *Multiplensemble (saxo, acordeón, contrabaixo e percusión)*
- *Alejandro Troya, Lorena Dapena (saxo e piano).*
- *Concerto do profesor convidado: Antonio García Jorge*
- *Aula de saxofón do CSM de A Coruña.*
- *Presentación do Ensemble de saxofóns do CSM de Vigo.*
- *Conferencias a cargo de compositores e intérpretes*

** Explurart.*

Do 18 de abril ao 12 de maio.

- *Grupo de Música Antiga. CSM de Vigo.*
- *Concerto: "A poesía da imaxe e a ópera". Intérpretes: Patricia Blanco e José Manuel Fernández. Imaxe: José Manuel Mouriño. Auditorio Martín Códax.*
- *Concerto do proxecto da Semana da Música Española en Vilnius*
- *"Misa para a Paz", Jenkins. Orquestra e Coros do CSM de Vigo e da Universidade do Minho. Igrexa parroquial de María Auxiliadora (Salesianos).*
- *Preludios para Piano de Scriabin: relatorio e concerto. Daniel Pereira.*
- *Dúo ARA, e percusión.*
- *Coro de Cámara Rías Baixas. Selección de O Mesías, de Haendel*
- *Caspervek Trío. Música e cine. Metrópolis.*
- *Dúo Adrián Pais (saxofón) e Mila García (violonchelo).*
- *Joan Soriano. Percusión e imaxe.*
- *Camerata Arven: Beethoven, Ermanno Wolf-Ferrari.*
- *Cintaadhesiva. Producción literario-musical. Música de Jesús Andrés e textos de Silvia Peñas*

▪ *Cola para genocidio. Suite en do para piano, voz, cuadro, relato, poesía, video e grito. Montaxe escénico musical.*

* *Semana das Letras Galegas.*

Do 15 ao 19 de maio.

- *Concerto de Canción Lírca galega. Eliseu Mera e Elena Pérez Salas.*
- *Concerto homenaxe a Angel Barja. Cuarteto de corda, coro.*
- *Concerto da Banda Sinfónica, con programa de compositores galegos. A determinar.*
- *“A galiña azul”, concerto con produción musical orixinal do taller de Composición I e II.*
- *“Romaría das Letras Galegas”. Actuacións de profesorado e alumando en horario de mañá, cafetería e xardíns do centro, con instalación de pulpeira.*

* *Ciclo de Música de Cámara.*

Do 30 de maio ao 7 de xuño.

- *Concurso de Música de Cámara. 22 de maio.*
- *Concertos de gañadores do concurso de música de cámara. 30 e 31 de maio, e 1 de xuño. Auditorio Municipal do Concello.*
- *Trío de piano, violín e violonchelo. Programa adicado a Shostakovich. 2 de xuño. Auditorio Municipal do Concello.*
- *Pablo Rodríguez. Guitarra. 5 de xuño*
- *Música para Tecla de Bach. Patricia Rejas, Blanca Vázquez & cuarteto de corda. 6 de xuño.*
- *Orquestra Barroca do CSM de Vigo. 7 de xuño.*

* *Abrente.*

Actividades de difusión do CSM de Vigo. De a abril a xuño.

- *Pentagramas ocultos. Relatorios do alumnado da especialidade de Musicoloxía. Abril.*
- *Xornadas de Portas Abertas, do 24 ao 28 de abril.*
- *Concertos de agrupacións dos Conservatorios profesionais de Pontevedra e Vigo. Segunda quincena de abril.*
- *Concerto da Orquestra Sinfónica. Pontevedra. Segunda quincena de Marzo.*
- *Concerto da Banda de Música Sinfónica no Concello. 6 de abril. Auditorio por determinar.*
- *Concerto de Encontro das Orquestras Sinfónicas dos Conservatorios Superiores de A Coruña e Vigo. Auditorio “Mar de Vigo”. 7 de maio.*
- *Música na Cidade. Banda Sinfónica do CSM de Vigo, e Banda Sinfónica do CMUS Profesional de Vigo. 11 de maio. Praza da Pedra.*
- *Concerto do Dpto. de Música Antiga no CMUS Prof. de Vigo. xuño.*
- *Charlas informativas nos Conservatorios Profesionais e centros educativos. Abril-maio.*
- *Clases maxistras nos Conservatorios profesionais. Abril-maio.*

* *Outros actos.*

- *Commemoración do Día do libro (24 abril, Actos a determinar).*
- *Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de graduación. 9 de xuño.*

** Programa Erasmus +.*

Concertos de profesorado visitante.

- *Concerto Milton Masciadri. Contrabaixo. Universidade de Georgia (EEUU). 9 de marzo.*
- *Concerto. Dúo de piano. Conservatorio de Bari (Italia). 7 de abril.*
- *Concerto. Profesorado do Conservatorio de Sarajevo (Bosnia). 25 de abril.*
- *Concerto: Silvia Papparelli. Piano. Conservatorio de Terni (Italia). 28 de abril.*
- *Pierluigi Epifani. Conservatorio de Lecce (Italia). 11 de maio.*

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

•*Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do centro.*

•*Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*

•*Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*

•*Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*

•*Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*

•*Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.*

•*Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

•*A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións,*

reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

•Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha

achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 30 de novembro de 2017.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei

7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO

ORZAMENTO DO PROGRAMA FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"

1.- GASTOS:

Cartelería	2.500 €
Gastos e cachés dos participantes	11.000 €
Traslados de material e montaxe	3.500 €
Gastos varios	1.000 €
TOTAL GASTOS	18.000 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	7.000 €
Consellería de Cultura, Educ. e OU	8.000 €
Conservatorio Superior de Música	3.000 €
TOTAL INGRESOS	18.000 €

24(202).- PRÉSTAMO DE VARIAS OBRAS DO ARTISTA ANXEL HUETE AO MUSEO MARCO DE VIGO PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 5902/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 3/03/17, asinado polo director do Museo, o xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 15 de decembro de 2016 recíbese no Museo municipal "Quiñones de León" escrito do Director do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), no que se informa da or-

ganización para o ano 2017 dunha exposición sobre a traxectoria deste artista, producida polo propio Museo MARCO e que se celebrará na planta baixa deste museo entre o 28 de abril e o 17 de setembro (datas do préstamo: do 1 de abril ao 15 de outubro de 2017)

Trátase da primeira revisión que realizará un museo da traxectoria de Ánxel Huete (Ourense, 1944), artista indispensable para comprender o discorrer da produción plástica en Galicia nas últimas décadas.

Para esta exposición a selección do MARCO inclúe catro obras deste artista, que forman parte da colección do museo municipal “Quiñones de León” e que o museo MARCO solicita formalmente o seu préstamo temporal:

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 86
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 101cm x 81cm
- **Título:** Sen título
- **Data:** 1973
- **Valor a efecto de seguro:** 4.000 euros

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 87
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 65cm x 81cm
- **Título:** Sen título
- **Data:** 1975
- **Valor a efecto de seguro:** 3.000 euros

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 514
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 162cm x 100cm
- **Título:** Desolladeiro
- **Data:** 1971
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 515
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 82cm x 100cm
- **Título:** Sen título
- **Data:** 1971
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicitan as obras, enténdese que

éestas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓN LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local**:

1.- “Autorizar o préstamo temporal das seguintes obras:

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 86
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 101cm x 81cm
- **Título:** Sen título
- **Data:** 1973
- **Valor a efecto de seguro:** 4.000 euros

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 87
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 65cm x 81cm
- **Título:** Sen título
- **Data:** 1975
- **Valor a efecto de seguro:** 3.000 euros

- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 514
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 162cm x 100cm
- **Título:** Desolladeiro

- **Data:** 1971
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros
- **Artista:** Ánxel Huete
- **Nº Inv.:** 515
- **Técnica:** Acrílico s/lenzo
- **Dimensións:** s/m 82cm x 100cm
- **Título:** Sen título
- **Data:** 1971
- **Valor a efecto de seguro:** 8.000 euros

ao Museo MARCO de Vigo, organizador da exposición sobre a traxectoria deste artista, producida polo propio Museo MARCO e que se celebrará na planta baixa do MARCO entre o 28 de abril e o 17 de setembro (datas do préstamo: do 1 de abril ao 15 de outubro de 2017), segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente.

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(203).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA O FINANCIAMENTO XERAL DO SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 1824/341.

Visto o informe de fiscalización do 6/03/17, dáse conta do informe-proposta do 2/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de febreiro, a través do Rexistro Xeral, o Secretario Xeral da Fundación Laxeiro dirixe ao concelleiro-delegado da Área de Cultura escrito de solicitude de transferencia de financiamento para o no exercicio 2017, necesidades de administración, funcionamento e programación. No documento de solicitude da transferencia de financiamento por importe de 40.000 € tamén solicitan ao concelleiro-delegado que se realicen as xestións necesarias para o incremento desta contía mediante unha modificación orzamentaria, segundo o solicitado no seu escrito do 3 de xaneiro dirixido ao Alcalde, que posibilitaría a supervivencia da Fundación.

Na solicitude a Fundación Laxeiro formula un calendario de achegas parciais da transferencia de financiamento que lles “daría liquidez á espera da nova achega procedente da modificación orzamentaria necesaria para manter a Fundación Laxeiro en funcionamento”.

Con data 28 de febreiro o concelleiro-delegado da Área de Cultura achega escrito ao Secretario Xeral da Fundación Laxeiro no que lle comunica que se vai proceder ao inicio da trami-

tación do expediente relativo á transferencia de financiamento contemplada no presuposto deste Concello para o ano 2017, a favor desa Fundación por importe de 40.000 €.

Con data 1 de marzo de 2017 o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que polo Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente de transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro para financiamento correspondente ao exercicio 2017, por importe de 40.000 €, que figuran no presuposto municipal de 2017 do Concello de Vigo (partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro").

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Laxeiro xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral considerando os informes que tiña emitido a Xefa do Servizo de Fiscalización, conformados polo Interventor Xeral, relativos ao financiamento da Fundación Marco e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, de datas 11/02/2016, 18/03/2016 e 21/02/2016 no expte 1444/341 e 16/03/2016 e 20/04/2016 no expte 1445-341. Daqueles informes extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2017:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Laxeiro é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Laxeiro reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2017 ten previsto financiarse nun 80,31% con achegas das Administracións Públicas (o 47,95 % sería financiamento do Concello de Vigo). A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e a familia Laxeiro e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, tamén aplicables a 2017, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Laxeiro debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo do a Lei 19/2013.

No seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación MARCO daquel exercicio, o Secretario da Administración Xeral dice no seu informe que “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”. Esta situación sería extrapolable ao caso da Fundación Laxeiro.

Con data 28 de novembro de 2016 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados que se realizarán por parte dese Intervención Xeral condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia para o vindeiro exercicio, ou ben debemos esperar a que nos comuniquen os seus resultados”.

Con data 27 de decembro de 2016 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura que as transferencias de financiamento para o ano 2017 a favor da Fundación MARCO, Fundación Laxeiro e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo “poderán ser tramitadas e levadas á proposta de aprobación da xunta de goberno local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, e que se estipularon para as transferencias correspondentes ao exercicio 2016”.

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2017 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Laxeiro; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN LAXEIRO.-

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión realizada o 2 de marzo de 1998, acordou aprobar o convenio suscrito o 23 de febreiro daquel ano entre o Alcalde de Vigo e a familia Laxeiro (María Cruz Otero Villamarín, filla do pintor e a súa herdeira universal e os dous fillos desta). Nese convenio acórdase, entre outras cousas, o seguinte:

- *O Concello de Vigo e a familia Laxeiro comprométese e obríganse a constituír a FUNDACIÓN LAXEIRO, que terá como obxecto o de promocionar, fomentar, divulgar,... a obra artística e cultural do pintor Laxeiro; os dereitos de calquera natureza relacionados con esa obra; a instalación en Vigo dun museo que reúna monograficamente a obra de Laxeiro.*
- *“As obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cederanse en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición. Así mesmo o Concello de Vigo cederá á Fundación a xestión dos dereitos de autor para a súa mellor explotación por esta” (acordo SEXTO).*
- *A Fundación obrígase ás súas expensas a coidar, manter e restaurar as obras depositadas, así como a xestionar e explotar e defender con toda dilixencia os dereitos de autor, cuxa xestión cede a este fin o Concello de Vigo.*
- *O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o día 26 de xuño de 1998, acordou aprobar a constitución e estatutos da Fundación Laxeiro, que se pretende de “interese galego e natureza cultural”. “A Fundación Laxeiro terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar” e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do*

Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).

O 23 de febreiro de 1999 quedou constituída a Fundación Laxeiro, en escritura pública, que está clasificada de INTERESE CULTURAL por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 3 de agosto de 1999 (DOG nº 160, do 19 de agosto) e declarada de INTERESE GALEGO por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1999 (DOG nº 217, do 10 de novembro, figurando inscrita co número 1999/22 no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. O 23 de febreiro de 2000 realizouse a primeira xuntanza do Padroado da Fundación Laxeiro, na Casa das Artes.

Os Estatutos da Fundación Laxeiro establecen no seu artigo 6º a seguinte composición do Padroado:

- a) *“De tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo e designados por esta Corporación;*
- b) *De tres a cinco membros designados por Dª María Cruz Otero Villamarín e no seu defecto polos seus fillos, don Heriberto e don Carlos García-Suárez Otero, e os seu descendentes directos;*
- c) *Un membro representante do Concello de Lalín, designado por esta Corporación;*
- d) *Un membro representante da Xunta de Galicia, designado por esta Institución;*
- e) *Un membro representante da Deputación Provincial de Pontevedra, designado por esta institución;*
- f) *Unha persoa designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b) con presenza importante en Madrid relacionado co mundo da cultura e coas institucións do Estado Español.*
- g) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bruxelas e relacionada coas institucións europeas e o mundo da cultura; e*
- h) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bos Aires (Arxentina) e relacionada coas institucións galegas e españolas e o mundo da cultura”.*

Composición actual do Padroado da Fundación Laxeiro.-

Presidente.- O Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez (artigo 8º dos Estatutos).

Vicepresidenta.- María Cruz Otero Villamarín. Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Secretario.- Carlos García-Suárez Otero (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Vogais.-

Grupo a) (Concello: 4).- Cayetano Rodríguez Escudero, Antón Castro Fernández, Román Pereiro Alonso, Antón Pulido Novoa. Nomeamento: acordo da XGL DO 20/07/2015

Grupo b) (Familia Laxeiro: 3).- Miguel Domenech Martínez, Heriberto García-Suárez Otero, Guillermo Martínez Castro. Nomeamentos 23/02/1999.

Representante do Concello de Lalín.- D. Nicolás María González Casares. Acordo do Pleno do Concello de Lalín do 29/07/2015.

Representante da Xunta de Galicia.- D. Román Rodríguez González. Documento da Consellería de Cultura de data 17/02/2015.

Representante da Deputación Provincial de Pontevedra.- D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Resolución da Presidencia do 04/11/2015.

Vogal, presenza en Madrid.- Vacante (por pasamento de D. Luis Caruncho Amat. Nomeamento do 23/02/1999).

Vogal, presenza en Bruxelas.- D. Camilo Nogueira Román. Padroado do 23 de febreiro de 2000.

Vogal, presenza en Bos Aires.- D. Carlos A. González Príncipe. Acordo do Padroado do 21 de febreiro de 2003.

ORZAMENTO 2017 DA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

Na documentación achegada pola Fundación Laxeiro inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2017, aprobada en reunión ordinaria do seu Padroado do 8 de febreiro de 2017, que ascende a un total de 83.422,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- Persoal: 52.172,00 € (62,54%)
- Gastos xerais (Administración): 6.240,00 € (7,48%)
- Programación: 24.010,00 € (28,78%)
- Gastos variables programación: 1.000,00 € (1,20%)

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 40.000,00 € (47,95 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (17,98%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (14,38%)
- Autofinanciamento (xantar, doazóns, vendas): 16.422,00 (19,69%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LAXEIRO.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvención nominativa outorgadas pola Xunta de Goberno Local víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención para o caso da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo; no caso da Fundación MARCO e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*".

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Laxeiro vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o seu funcionamento, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Laxeiro promovida e fundada polo Concello de Vigo e a familia Laxeiro; ademais o Concello cedeu en depósito á Fundación as obras do pintor Laxeiro de propiedade municipal, para o seu uso, difusión e exposición, así como o uso da planta terceira da Casa das Artes.

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras os informes do Secretario da Administración xeral e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á FUNDACIÓN LAXEIRO, CIF: G36852358, un importe de 40.000 € (corenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu funcionamento correspondentes ao ano 2017, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 20.000 € (50% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 30 de xuño de 2017, por importe de 10.000 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 31 de outubro de 2017, por importe de 10.000 € (25% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2017 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados*".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FUNDACIÓN LAXEIRO, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da FUNDACIÓN LAXEIRO:

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN LAXEIRO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de actividades ao redor da exposición permanente da colección, actividades didácticas, expertización e catalogación de obra..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da FUNDACIÓN LAXEIRO, aprobado polo seu Padroado con data 8 de febreiro de 2017 ascende a 83.422,00 €, que a FUNDACIÓN LAXEIRO financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 40.000,00 € (47,95 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (17,98%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (14,38%)
- Autofinanciamento (xantar, doazóns, vendas): 16.422,00 (19,69%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN LAXEIRO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da FUNDACIÓN LAXEIRO, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN LAXEIRO e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa FUNDACIÓN LAXEIRO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á FUNDACIÓN, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN LAXEIRO, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A FUNDACIÓN LAXEIRO achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á FUNDACIÓN LAXEIRO, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da FUNDACIÓN LAXEIRO
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.

f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou Secretaría Xeral da Fundación neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO de cada exercicio nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:

- Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
- Memoria de prensa.
- Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a FUNDACIÓN LAXEIRO de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(204).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 1183/330.

Dáse conta da proposta de data 13/03/17, asinada polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de FEBREIRO de 2017.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO	CIF/NIF	IMPORTE
1127/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO GRUPO AUXILIAR ELECTRÓXENO DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO NO ANO 2017	ELECTRONAVIA, S.L.	B36977254	431,36 €
1144/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO EQUIPAMENTO DE AUDIO E SON DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO NO ANO 2017	FLUGE GALICIA, S.L.	B87037883	3.630,00 €
15537/331	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO UP2DOWN DA COMPAÑÍA TRASPEDIANTE, O VENRES 28 DE ABRIL, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS S.L.	B70037213	450,00 €
15538/331	CONTRATO PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE NAS BIBLIOTECAS DO SERVIZO DE CULTURA	SEGURIDADE A1	B15639453	3.409,48 €
15553/331	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA POR AMPLIACIÓN HORARIA NA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	XENÉRICO		16.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

27(205).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 1826/341.

Dáse conta da proposta de data 3/03/17, asinada polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de FEBREIRO, e que son os que deseguido se relacionan:

FEBREIRO 2017

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1809/341. Subministración de material gráfico para a exposición "Con A de Astrónomas" na Casa das Artes. JULINDA MOLARES CARDOSO, NIF: 36084531S. RCM 17973.	21/02/17	1.308,86 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1816/341. Deseño de material gráfico e difusión da exposición "Tempos dun encontro. Anxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco". JUAN FRANCISCO CENTRÓN CASTAÑOS. RCM 21318.	24/02/17	2.165,90 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1813/341. Subministración de material gráfico para a exposición "O traxe e o viño fan o camiño" da Festa da Reconquista de Vigo 2017 na Casa Galega da Cultura. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 20878.	23/02/17	1.233,24 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5946/337. Xenérica de crédito para contratación de pequenas intervencións de restauración do Museo Municipal. RCM 14946.	17/02/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5926/337. Contrato menor de subministrados para lámpadas eléctricas para o Museo Municipal Quiñones de León. ALGASA VIGO. RCM 9196.	02/02/17	2.602,47 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5937/337. Reserva xenérica de crédito para subministración de material diverso para o Museo. RCM 10700.	14/02/17	1.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5945/337. Reserva xenérica de crédito para contratación do mantemento e conservación da exposición temporal "EMPORIUM". RCM 14945.	17/02/17	1.500,00 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
VERBUM (340)	Expte. 2597/340. Gastos derivados da organización da actividade "Un mar de corais-2017" no Verbum. RCM 17977.	21/02/17	2.500,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2596/340. Reserva de crédito para a realización de estudos e traballos técnicos no Verbum. RCM 17974.	21/02/17	1.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

28(206).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE DESISTENCIA DA TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE DA FINDA A TORRE. EXPTE. 4502/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do 23/02/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo e a xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O día 30.05.1997, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o estudo de detalle da finca "A Torre", na parroquia de San Paio de Navia, conforme á documentación por D. Jorge Pousa Floriano, redactado polo arquitecto D. José A. Comesaña García.

En data 30.12.2003, presentouse no Rexistro xeral da XMU (doc. 30115480) para a súa tramitación o proxecto de urbanización do ámbito que foi informado desfavorablemente pola Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra o día 30.03.2004, sendo denegada a súa autorización en data 07.07.2004 pola delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura, que informou desfavorablemente o proxecto de urbanización mediante oficio de data 23.09.2004 e resolveu non autorizar o proxecto o día 28.02.2005, desestimando, igualmente, o día 14.12.2005, o recurso de alzada interposto polo solicitante fronte a devandita resolución.

Con data 10.03.2006, a arquitecta municipal da oficina de planeamento emitiu informe no que conclúe sobre a incompatibilidade do estudo de detalle definitivamente aprobado e o PXOM entón inicialmente aprobado, formulado como revisión ao PXOU-93.

O día 20.03.2006, a Xunta de Goberno Local acordou suspender o procedemento de aprobación do proxecto de urbanización da finca "A Torre", pendente da aprobación definitiva do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación, sen prexuízo das resolucións desfavorables da Consellería de Cultura que tamén impedían a súa aprobación definitiva.

Mediante orde da Conselleira de Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) aprobouse parcial e definitivamente o PXOM de Vigo, e mediante orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de

24.07.2009) aprobouse o documento de cumprimento das deficiencias observadas na orde do 16.05.2008.

Con data 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm.1658/2014, que proxectou os seus efectos sobre outras, declarando a nulidade das citadas ordes autonómicas aprobatorias do PXOM de Vigo, producíndose a reviviscencia do PXOU-93.

Con data 26.07.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160102133) a solicitude presentada por D. José Pousa Sindín interesando a tramitación do proxecto de urbanización do ámbito do estudo de detalle finca "A Torre", achegando tres copias do anexo redactado polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García e visado polo COAG o 11.07.2016, así como copia da escritura pública de compravenda ao seu favor.

O día 21.02.2017, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 170025780), o escrito presentado por D. José Pousa Padín desistindo da solicitude formulada con entrada o 26.07.2016 no Rexistro xeral da XMU (doc. 170025780) ao considerar que, segundo afirma, o ámbito afectado ten a condición de solo urbano consolidado e non necesitar da aprobación de tal proxecto de urbanización.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSGA).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RLHU)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- PXOU-1993. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o día 29.04.1993 (DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa publicada no B.O.P nº 133, o 14.07.1993).
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010.

II. Desistencia e terminación do procedemento

De conformidade co disposto no artigo 94.1 da LPACAP, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, caso no que, de acordo co sinalado no parágrafo 4 do dito precepto, a

Administración aceptará de plano a desistencia ou renuncia, e declarará concluso o procedemento agás que, téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estos a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Nos casos de prescrición, renuncia ao dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como de desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables (artigo 21 da LPACAP), considerando, ademais, que segundo o disposto no artigo 84.1 da LPACAP, a desistencia poñerá fin ao procedemento de tramitación do proxecto de urbanización de referencia.

Polo tanto, formulada polo interesado a solicitude de desistencia do procedemento administrativo de referencia, segundo consta no escrito presentado o día 21.02.2017 no Rexistro xeral da XMU (doc. 170025780), sen que exista a prohibición referida no artigo 94.1 da LPACPA, procederá a súa aceptación pola Administración. Tampouco se aprecia a concorrencia de circunstancias que entrañen interese xeral ou cuxa definición ou esclarecemento resultara conveniente e que poderían limitar os efectos da desistencia formulada e a continuación do procedemento pola Administración.

III. Órgano competente

É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local en virtude do establecido no artigo 127.d) da LRBRL, previa proposta do Consello da XMU consonte o disposto no artigo 10º.1 dos Estatutos da XMU.

Por todo canto antecede, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aceptar a desistencia do procedemento formulada por D. José Pousa Sindín, no escrito que tivo entrada en data 21.02.2017 no Rexistro xeral da XMU (doc. 170025780) e, consecuentemente, declarar concluso o procedemento e proceder ao arquivo do expediente.

SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado significándolle que pon fin á vía administrativa e contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos casos, dende o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, este informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 9/03/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, acorda "elevar a Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(207).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez